

**D. JOSE MARIA VALCARCE RODRIGUEZ, SECRETARIO
ACCIDENTAL DO EXCMO. CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 14 de novembro do 2016, adoptou entre outros o seguinte acordo:

“5. CONTRATACION E SERVIZOS

**A2. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE ALUGUEIRO,
INSTALACIÓN E DECORACIÓN DA ILUMINACIÓN DO NADAL
2016-2017 (EXP.053-SUBMen16).**

Vista a Providencia de Alcaldía de 4.11.2016, xustificativa da necesidade da contratación pretendida, faise constar que.-

1º.- De conformidade co establecido no artigo 138 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), a denominación de contratos menores, o é en consideración ao seu importe, que ten que ser inferior a 50.000 euros (IVE excluído), cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate doutros contratos.

Os contratos menores non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos (artigo 23.3 ex, artigo 89 TRLCSP).

2º.- De conformidade co disposto no artigo 12 do TRLCSP, atopámonos ante un contrato mixto, xa que logo, contén prestacións correspondentes a un contrato de subministración (alugueiro iluminación) e de servizos (instalación da mesma), polo que haberá de estarse a prestación máis importante dende o punto de vista económico para a determinación da normativa a aplicar. Neste senso, do contido da oferta económica achegada, obsérvase que a prestación economicamente máis importante é a subministración.

3º.- Nos contratos menores, artigo 111 TRLCSP, establécese que só se esixirá a aprobación do gasto e a factura correspondente expedida conforme á normativa vixente.

Porén, o Concello de Monforte de Lemos na base 33.2ª das de execución do orzamento do Concello, referida aos gastos menores, dispón que *“Cando a contía sexa superior a 1.000 euros e inferior a 18.000 euros, o expediente conterá unha proposta de adquisición razoada, detallada e valorada, debendo acreditarse a consulta a tres empresas, polo menos, salvo que resultase imposible ou inconveniente por razóns que deberán acreditarse no expediente”*. Neste senso, constan no expediente os seguintes orzamentos.-

Benjamín Fernández Vázquez - Iluminaciones Fernández	17.000,50.-€ (IVE incluído).
Espectáculos JOSMA S.L.	37.750,00.-€

Electrosito S.L.	34.734,87.-€ (IVE incluído).
------------------	------------------------------

Por máis abastamento, a citada base 33ª.2 precisa que.-*"as propostas de contratos menores deberán remitirse para a súa tramitación ao Servizo de Contratación, para os efectos de comprobar que a persoa física ou xurídica proposta para a execución do contrato estea ao corrente das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social, non estea incurso nas prohibicións de contratar e que en consecuencia reúne as condicións para ser contratista coa Administración Pública, do que o responsable da oficina de contratación deberá deixar constancia escrita no expediente"*.

A tal efecto, consta no expediente unha declaración responsable acreditativa das condicións de aptitude e capacidade do contratista, a cal terá os efectos previstos no artigo 61 bis do TRLCSP.

Sobre os efectos da declaración responsable, a Intervención xeral da Comunidade de Madrid no seu informe de 19.7.2007 emitido sobre un procedemento en materia de subvencións, indica que.-*"La declaración responsable, por lo tanto, dado que así lo establece su normativa reguladora y dado que se trata de un supuesto en el que está permitido por la norma sustantiva, es en sí misma, una forma de acreditación de las circunstancias que en ella se recogen, cuya validez para el procedimiento no debe ser objeto de duda, a no ser que existan elementos de juicio derivados de la documentación que obre en poder de la Administración concedente o que sea conocida por ésta, que permitan al órgano al que corresponde su valoración estimar que en la empresa afectada no concurren las circunstancias declaradas"*.

4º.- Existe crédito para facer fronte ás obrigas económicas do exercicio do 2016 na aplicación 4311.22699 do vixente orzamento xeral polo importe de 12.000,00.-€ (IVE incluído), o cal poderá ser contabilizado con cargo ao RC. 2016 22014831..

Dado que a presente contratación leva aparelada gastos de carácter plurianual, o presente gasto queda sometido á existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento do exercicio do 2016 para financiar as obrigacións derivadas do contrato. Neste senso, existe o compromiso do Concello de consignar crédito axeitado e suficiente no orzamento municipal do exercicio 2016 para cumprir coas obrigacións que deriven da subministración, de acordo coas previsións do artigo 110.2 do TRLCSP e 79 e ss. do D. 500/1.990.

5º.- **ADVERTENCIA:** *Tratándose dunha prestación que se ven reiterando de xeito continuado no tempo e cuxa adxudicación se ven efectuando a medio de contrato menor, dende este servizo de contratación compre advertir que a subscrición de contratos menores sucesivos para a adquisición de bens ou servizos que se requiran repetidamente, por responder a necesidades de carácter recorrente, periódico ou permanente, pode non ser o mecanismo máis axeitado e máis conforme coa normativa en materia de contratación pública para cubrir este tipo de necesidades e, incluso, pode chegar a ser contrario a aquela normativa, segundo as circunstancias concorrentes en*

cada caso. Neste senso, se pronuncia a Junta Consultiva de Contratación Administrativa de Baleares no Informe 4/2010, de 29 de outubro, no cal se indica que "en principio y con carácter general, se podría considerar que un contrato menor es contrario a derecho si el órgano de contratación, en el momento de iniciar la tramitación de este contrato, tiene conocimiento cierto –o podría tenerlo, si se aplicaran los principios de programación y buena gestión– de la necesidad de contratar una prestación determinada de carácter o naturaleza unitarios, perfectamente definida, cuyas características esenciales no puedan variar de manera sustancial, que tiene que llevarse a cabo necesariamente año tras año y que responde a una necesidad continuada en el tiempo y, aun así, tramitara diferentes contratos menores y eludiera las normas más exigentes de publicidad y procedimiento".

6º.- A competencia para contratar, de conformidade co previsto no apartado primeiro da Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, atribúese ao Alcalde, sempre que o importe do contrato non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento. Se sé supera a referida porcentaxe a competencia corresponderá ao Pleno. No entanto, dita competencia atópase delegada na Xunta de Goberno Local do Concello de Monforte de Lemos.

Por canto antecede, a Xunta de Goberno Local por unanimidade adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Adxudicar, coa advertencia recollida no apartado 5º do presente informe, por "contrato menor", a contratación do Alugueiro, Instalación e Decoración da Iluminación do Nadal 2016-2017 a D. Benjamín Fernández Vázquez (Iluminaciones Fernández) con DNI. 34.268.029-F, polo importe de 17.000,50.-€ (IVE incluído) segundo orzamento que achega e que é o economicamente máis vantaxoso dos presentados, existindo crédito para facer fronte ao gasto correspondente ao exercicio 2016 polo importe de 12.000,00.-€ (IVE incluído), e quedando sometido o gasto do exercicio 2017 á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato no citado exercicio".

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Monforte de Lemos, a catorce de novembro do dous mil dezaseis.

Vº e Pce.

O ALCALDE



